



INSTRUCCIÓN 1/2011 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DE 27 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN DIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2011-2012

Normativa aplicable: Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG do 6 de febreiro de 2007), Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 5 de marzo de 2007), modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008 (DOG do 19 de xuño de 2008), Decreto 374/2009, do 6 de agosto (DOG do 14 de agosto de 2009), modificado polo Decreto 439/2009, do 11 de decembro (DOG do 24 de decembro de 2009), e Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG do 19 de marzo de 2007).

1. Ámbito de aplicación

Esta Instrución establece as liñas xerais de organización e funcionamento, para o curso escolar 2011-2012, dos comedores escolares de xestión directa dos centros docentes públicos que impartan os niveis de ensino obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil.

Para poder ser usuario do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecida por esta Administración, sen prexuízo do disposto no apartado 10 desta Instrución.

2. Funcións e tarefas relacionadas co comedor escolar

2.1. Director/a do centro



A función de dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar recaerá sempre na persoa que ostente a dirección do centro, que desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 11.2 da Orde de 21/02/2007.

Cómpre salientar que entre estas funcións figura a de “verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del”.

As direccións dos centros deberán verificar que os usuarios acheguen o “xustificante de pagamento para a Administración”. Quen non o achegue, sexa alumnado ou persoal do centro, non terá dereito a utilizar o servizo e a dirección do centro deberá prohibir-lles o acceso ao comedor.

Para evitar que se produzan actuacións fraudulentas dos obrigados a pagar o servizo, todas as persoas usuarias do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento, isto é, que teñan pendente calquera cantidade, por mínima que sexa, deberán ser excluídas do servizo, polo que non deberán figurar nas listas provisionais de usuarios, calquera que sexan as súas circunstancias económicas, persoais, etc. Estas persoas só poderán adquirir a condición de usuarios cando acrediten o pagamento de todas as cantidades que deban, e sempre que o fagan antes da publicación dos listados definitivos. Despois desa publicación, non terán dereito a usar o comedor.

2.2. Encargado/a do comedor

A persoa encargada do comedor desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 10.2 da Orde de 21/02/2007.

Esta persoa terá, preferentemente, a condición de persoal docente do centro, sexa membro ou non do equipo directivo. Só nos casos en que non poida cumprirse este requisito, tal labor poderá ser realizado, logo de autorización expresa da xefatura territorial correspondente, por persoal non docente ou



por outra persoa integrante da comunidade escolar que se preste voluntariamente.

No caso de autorizacións das Xefaturas Territoriais para actuar como encargados a membros da comunidade escolar que carezan de relación funcional ou laboral con esta Administración e se presten voluntariamente, estas persoas deberán ser nais, pais ou titores legais de alumnos/as que estean cursando actualmente estudos no centro docente respectivo. Non poderán estas persoas desempeñar as ditas funcións de encargado de comedor durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que os realizen durante o curso escolar 2010-2011. Soamente en casos nos que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, poderase, en virtude de autorización expresa da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, excepcionalarse o cumprimento da regra xeral sinalada.

As persoas que realicen funcións de encargado/a de comedor que non teñan a condición de persoal do centro, non poderán realizar máis funcións que as sinaladas no artigo 10 da orde, con exclusión expresa daquelas tarefas que impliquen relación directa cos provedores dos comedores.

2.3. Colaboradores

As persoas que colaboren no comedor desempeñarán as funcións que sinala o artigo 8.5 da Orde de 21/02/2007.

Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo: persoal de cociña, coidadores/as de educación especial e análogos con alumnado ao que asistan no comedor).



Se fose preciso autorizar polas Xefaturas Territoriais da Consellería a un membro da comunidade escolar, que careza de relación funcional ou laboral coa Consellería e se preste voluntariamente, para actuar como colaborador no comedor, esta persoa, antes de asumir tal cometido, deberá asinar a declaración que se xunta como Anexo I da presente Instrucción, na que consta o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación.

Tales funcións de colaboración no comedor só poderán ser desempeñadas por nais, pais ou titores de alumnos/as que estean cursando actualmente estudos no centro docente respectivo. En ningún caso poderán estas persoas desempeñar as ditas funcións de colaboración no comedor durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que o realizasen durante o curso escolar 2010-2011. Soamente en casos nos que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, poderase, en virtude de autorización expresa da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, excepcionarase o cumprimento da regra xeral sinalada.

Neste sentido, exporase nos centros escolares, ata o 30 de setembro de 2011, o anuncio de apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2011-2012, que se recolle como Anexo II desta Instrucción.

Rematado o referido prazo, cada centro determinará as persoas que durante o curso 2011-2012 van a colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos alumnos comensais, elixindo en todo caso aquelas que non tiveran oportunidade no curso 2010-2011 de colaborar no comedor escolar.



No suposto de que o número de solicitantes non colaboradores do curso anterior non cubrira as necesidades existentes nos centros, de acordo coas esixencias da Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 5 de marzo de 2007), modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008 (DOG do 19 de xuño de 2008), poderase pola Secretaría Xeral Técnica desta Consellería autorizar provisionalmente a colaboración de pais, nais ou titores legais de alumnos matriculados nos centros que xa actuaran voluntariamente no curso 2010-2011, logo de proposta xeral dos Servizos Territoriais nese sentido

En ambos os dous casos os centros terán que presentar ante os Xefes Territoriais correspondentes os certificados de exposición e resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2011-2012, recollidos como Anexo III desta Instrución.

Dita autorización provisional estenderase ata o 31 de decembro de 2011, data de remate final, no seu caso, da admisión de solicitudes de colaboración para o curso 2011-2012, para o cal nos centros de ensino que non obtiveron suficientes voluntarios que non colaboraran no curso anterior, o anuncio recollido no Anexo II da Instrución estará exposto ata dita data.

Entre o 9 e o 18 de xaneiro de 2012 os centros remitirán aos Servizos Territoriais os certificados de exposición e resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2011-2012, referido no Anexo IV desta Instrución. Os Xefes Territoriais, á vista dos seus resultados, elevarán á Secretaría Xeral Técnica proposta de autorización definitiva para o curso 2011-2012, a favor dos membros da comunidade educativa aceptados para colaborar nas tarefas de atención e coidado do alumnado usuario do



comedor escolar, aínda que o fixeran o curso anterior, por non existir solicitudes suficientes de pais, nais ou titores que non houbesen colaborado no 2010-2011.

En todos os casos os membros da comunidade educativa aceptados como encargados ou colaboradores deberán, con carácter previo á realización das tarefas correspondentes, asinar a declaración que se xunta como Anexo I da presente Instrución, na que consta o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación.

As funcións de director/a e encargado/a e colaborador/a non poderán acumularse nunha soa persoa. Unicamente nos casos en que resulte imposible encomendalas a persoas distintas, e con carácter excepcional, a xefatura territorial correspondente poderá autorizar expresamente a acumulación de dous cometidos para o curso 2011-2012, tendo en conta que as funcións de director/a só poderán ser desempeñadas por quen ostente a dirección do centro.e que unicamente poderá percibirse un só complemento retributivo ou compensación económica.

2.4. Persoal laboral do servizo de comedor escolar

Este persoal desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9.1 da Orde de 21/02/2007, especialmente a elaboración das comidas, o servizo de atención ás mesas dos usuarios e a limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar.

3. Complementos retributivos e compensacións económicas vinculadas á xestión e atención do comedor escolar

3.1 Director/a e encargado/a



O importe do complemento por servizos extraordinarios ou da compensación económica dos gastos de dedicación e desprazamentos xerados que percibirán o/a director/a do centro e o/a encargado/a do comedor será de 12,46 €, por día de asistencia efectiva ao comedor.

Os importes resultantes aboaranse mediante tres pagamentos que comprenderán os meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño, do respectivo curso escolar. Ás mesmas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.

3.2 Persoas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor

O importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirá o persoal funcionario ou laboral do centro ou da compensación económica dos gastos de dedicación e desprazamentos xerados pola colaboración no comedor que percibirán os membros da comunidade escolar (nais, pais ou titores do alumnado), será de 9,39 € por día de asistencia efectiva ao comedor.

Os importes resultantes abonaranse mediante os tres pagamentos indicados no apartado anterior. Ás compensacións económicas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.

Os aboamentos realizaranse tomando como fonte de información a que proporcione a aplicación COMEDORES.

4. Uso do comedor escolar por persoas distintas ao alumnado

O comedor escolar é un servizo educativo complementario destinado a salvar as dificultades existentes no acceso á educación. Porén, unha vez garantido



o servizo ao alumnado que o solicite, é posible que outras persoas o usen para favorecer o seu mellor funcionamento.

Esta posibilidade queda condicionada, sempre que estea cuberta a demanda procedente do alumnado, a que a capacidade da instalación permita a incorporación deses usuarios e a que non esixa ampliar o persoal adscrito ao funcionamento das cociñas. Se se cumpren esas condicións, poden facer uso do servizo:

- O persoal docente e non docente que realice labores de atención da totalidade dos usuarios do comedor (gratuitamente os días de prestación efectiva do labor e pagando o prezo público os restantes días).

- O restante persoal, docente ou laboral, que preste servizos no centro escolar e non desempeñe labores en relación co comedor, poderá usalo mediante aboamento do prezo público, sempre que existan prazas vacantes e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado.”

-O persoal laboral de cociña gratuitamente.

-As nais, pais e titores de alumnos/as que desempeñen labores de colaboradores/as do comedor, poderán usalo gratuitamente os días que desempeñen tal función. Os restantes días non terán acceso ao comedor nin poderán usalo, nin sequera mediante o pagamento de cantidade ningunha.

5. Uso do comedor escolar por alumnado procedente doutros centros

As Xefaturas Territoriais, logo de informe favorable desta Secretaría Xeral Técnica, e sempre que as condicións dos locais e o persoal de cociña



existente o permitan, poderán autorizar que alumnos/as dun centro escolar accedan a un comedor que funcione noutro centro distinto.

A autorización condicionarase a que o centro que non conta con comedor achegue o número de colaboradores que corresponda polo número de novos alumnos comensais incorporados ao comedor, de acordo coa ratio establecida no artigo 8.5.f) da Orde de 21/02/2007. Estes colaboradores deberán ter, preferentemente, a condición de persoal do dito centro e, en todo caso, polo menos un deles deberá ser membro do equipo directivo do centro que careza de comedor, que será quen exerza facultades de control e disciplina.

6. Selección e admisión de usuarios

Nos casos en que existan máis solicitudes que prazas dispoñibles no comedor escolar, o Consello Escolar revisará e rebaremará a totalidade das solicitudes recibidas, avaliándoas como novas, de acordo coa seguinte orde de preferencia :

-Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase ---o criterio polo cal fose admitido.

-Alumnado beneficiario do servizo do transporte escolar, segundo se prevé na Instrución 3/2011 sobre xestión do servizo de transporte escolar no curso 2011/2012.

-Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado con informe da asistente social do concello que corresponda.

-Alumnado membro de familias numerosas.



-Alumnado fillo de pais e nais traballadores con incompatibilidade acreditada documentalmente dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.

-Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fora da área de influencia que lles corresponde.

-Persoal docente e non docente que preste servizos no centro.

7. Importe das axudas ou bolsas para o financiamento do servizo

O importe/día que se establece como axuda ou bolsa para o financiamento do servizo de comedor escolar será, en función da clasificación dos comedores, o seguinte:

| Tipo de comedor | E.Infantil/Primaria | E.Secundaria |
|-----------------|---------------------|--------------|
| A | 2,03 € | 2,34 € |
| B | 2,00 € | 2,31 € |
| C | 1,96 € | 2,28 € |
| D | 1,92 € | 2,22 € |
| E | 1,88 € | 2,17 € |
| Escola Fogar | 6,56 € | 6,56 € |

Nos centros que impartan ensinanzas de hostalaría ou similares que requiran a realización de prácticas de cociña e funcione o servizo de comedor escolar, a cantidade para cubrir o custo diario do cuberto será de 3,64 €, independentemente da categoría do comedor.



Os prezos indicados corresponden á anualidade 2011. No ano 2012 serán actualizados en función do IPC.

8. Prezos públicos do servizo de comedor escolar

8.1. Suxeitos obrigados ao pagamento dos prezos públicos

- Os pais, nais ou titores legais, en nome e por conta do alumnado usuario do comedor, salvo que teñan dereito á gratuidade total do servizo.

- O persoal funcionario, docente ou non docente, e o persoal laboral que non realice labores de atención e coidado no comedor escolar e sexan usuarios do servizo, por existir prazas vacantes no comedor e estar cubertas as súas necesidades de colaboradores.

8.2. Contía dos prezos públicos

O alumnado e as restantes persoas usuarias do comedor escolar aboarán unha cantidade de 3,05 € por día de servizo, ou de 1,52 € por día de servizo, nos supostos de bonificación do 50% do prezo público, á que haberá que sumarlle a que se derive da actualización correspondente do IPC do mes de xuño de 2011.

8.3. Bonificacións dos prezos públicos

8.3.1. Terán dereito ao uso gratuíto do servizo os seguintes usuarios:

- a) O alumnado beneficiario do servizo do transporte escolar, segundo se prevé na Instrución 3/2011 sobre xestión do servizo de transporte escolar no curso 2011/2012.



b) O alumnado en situación socioeconómica moi desfavorable ou pertencente a colectivos sociais ou étnicos con dificultades de integración que demanden accións de especial protección. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do traballador/a social do concello respectivo.

c) O persoal funcionario e laboral, docente ou non docente, e as nais e pais e titores legais que actúen como colaboradores no comedor escolar, nos termos previstos nos artigos 8, 9 e 10 da orde do 21/02/2007.

O uso gratuíto do servizo limitarase, exclusivamente, aos días de desenvolvemento efectivo do labor de atención ao alumnado. Nos casos nos que tal labor se realice de xeito descontinuo, o persoal do centro deberá aboar o prezo do servizo cando non colabore no comedor, e os pais, nais e titores só poderán usalo os días nos que desempeñen o dito labor.

d) O persoal laboral de cociña e os coidadores/as de educación especial cando asistan aos nenos/as no tempo do comedor.

e) O alumnado pertencente a unidades familiares que acrediten unha renda anual inferior á que se sinala seguidamente:

| Número de membros da unidade familiar | Renda neta anual | Renda familiar máxima |
|---------------------------------------|-----------------------------------|-----------------------|
| Ata 3 membros | Non superior a 3,5 veces ao IPREM | 22.365,45 € |
| 4 membros | Non superior a 4 veces ao IPREM | 25.560,52 € |

Para unidades familiares de máis de catro membros engadirase ao importe resultante dos limiares sinalados, tanto no tramo inferior como no superior, 3.056€ por cada novo membro.



g) O alumnado pertencente a unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familia numerosa de categoría especial.

8.3.2. Terán dereito a unha bonificación do 50% do prezo público, os seguintes usuarios:

a) O alumnado pertencente a unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familias numerosas de categoría xeral.

b) O alumnado pertencente a unidades familiares que acrediten unha renda anual comprendida entre os tramos seguintes:

| Núm. de membros da unidade familiar | Renda neta anual | Renda familiar mínima | Renda familiar máxima |
|-------------------------------------|--|-----------------------|-----------------------|
| Ata 3 membros | Superior a 3,5 veces e non superior a 5 veces ao IPREM | 22.365,45 € | 31.950,65 € |
| 4 membros | Superior a 4 veces e non superior a 5,5 veces ao IPREM | 25.560,52 € | 35.145,71 € |

Para unidades familiares de máis de catro membros engadirase ao importe resultante dos limiares sinalados, tanto no tramo inferior como no superior, 3.056€ por cada novo membro.

8.4. Concepto de unidade familiar



O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF, se ben equiparase á condición dos cónxuxes calquera outra situación análoga de convivencia, que deberá ser acreditada mediante a correspondente certificación do concello.

8.5. Obtención da renda familiar

A renda familiar obterase por agregación das rendas do exercicio anterior a aquel no que comece o curso escolar de cada un dos membros da unidade familiar, que se calcularán do modo seguinte:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar viría sendo o resultado da suma das casiñas da declaración do IRPF:

casiña 450 + casiña 452 – casiña 454 + casiña 457 + casiña 460 – casiña 461– casiña 741

Tamén podería calcularse mediante a suma das seguintes casiñas:

casiña 455 + casiña 451 + casiña 453 + casiña 465 + casiña 458 – casiña 741

3. Para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo IRPF, seguirase o procedemento



descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, do certificado de imputacións do IRPF expedido pola AEAT, no que conste que non presentou declaración e os datos dos que dispón a axencia.
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Neste supostos, os interesados deberán presentar o certificado de imputacións do IRPF da AEAT acreditativo de non ter presentado declaración do IRPF e os datos dos que dispón axencia.



É preciso trasladarles aos equipos directivos a importancia que ten, para garantir a boa marcha do servizo e a súa viabilidade económica, a realización das operacións de comprobación anteriores, para as cales se solicita a súa habitual colaboración.

8.6. Acreditación da renda anual familiar

A renda anual familiar acreditarase, ante o consello escolar, mediante a presentación de documento acreditativo da última declaración do IRPF ou da última certificación de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF emitida pola Axencia Tributaria. Esta documentación poderá substituírse por unha autorización á Administración educativa para que obteña os datos necesarios a través das correspondentes administracións tributarias. Neste caso, os/as directores/as enviarán ás xefaturas territoriais os datos necesarios para que estes tramiten a consulta coa axencia tributaria

A tal efecto, se no momento da confección das listas provisionais de admitidos ao comedor só se puidera aportar a declaración ou certificación do 2009, no posterior trámite de alegacións, previo á aprobación das listas definitivas de admitidos, poderase aportar as correspondentes ao 2010.

8.7. Pagamento dos prezos públicos

O pagamento mensual dos prezos públicos pola utilización do comedor escolar producirase nos cinco primeiros días do mes seguinte ao da prestación do servizo. O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar o prezo que corresponda polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlle aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día.



8.8. Procedemento ordinario de pagamento dos prezos públicos

Ao comezo do curso escolar, os pais, nais ou titores, en nome do alumnado, e as restantes persoas con dereito a usar o comedor, solicitarán o dito servizo en cada centro, definindo as súas características como usuarios: dereito a bonificacións, estimación temporal de utilización do comedor, etc.

O consello escolar elaborará a lista de comensais admitidos e os centros cargarana, xunto coas características dos usuarios e o número de días que utilicen o comedor, na aplicación COMEDORES. Durante os meses seguintes, os centros irán confirmando os días de asistencia ao comedor, así como cada cambio ou incidencia (altas ou baixas como usuarios, cambios de centro, enfermidades, etc.) que se produza en relación cos comensais.

Os datos dos usuarios remitiranse ao CIXTEC, que xerará cada mes tantos impresos de autoliquidación dos prezos, cubertos en todas as súas casiñas, como usuarios do comedor teña cada centro. Cada impreso terá o seu propio código de identificación para o seu seguimento posterior.

Unha vez cargados os datos de uso do comedor do mes que corresponda, os centros poderán, a través da aplicación COMEDORES e seguindo as indicacións da dita aplicación, descargar os impresos e poñelos a disposición dos suxeitos pagadores. Os centros poderán asistir aos suxeitos obrigados que, en todo caso, asinarán os impresos en proba de conformidade, tras verificar a súa idoneidade.

A presentación dos impresos e o conseguinte ingreso das cantidades que corresponda, realizarase en calquera das entidades de depósito autorizadas pola Consellería de Facenda para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos desta comunidade autónoma. Os suxeitos obrigados conservarán os xustificantes do “pagamento para o interesado”, presentando nos centros,



nos 10 primeiros días de cada mes, os xustificantes de “pagamento para a Administración” debidamente validados polas entidades de depósito, para os efectos de complementar as posteriores comprobacións que deban efectuarse.

Igualmente, as persoas interesadas poderán utilizar a oficina virtual tributaria (<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos>) e realizar os pagamentos de xeito telemático.

A aplicación de pagamentos de prezos públicos de comedores escolares da aplicación COMEDORES permitiralles aos centros comprobar a adecuación ou o desfase entre os datos ideais de pagadores e a sumas pagadas cargados na aplicación e os datos reais subministrados polo CIXTEC a partir das informacións das entidades financeiras colaboradoras, segundo o rastro proporcionado polos códigos de identificación dos impresos de autoliquidación presentados.

8.10. Consecuencias da falta de pagamento dos prezos públicos

Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

Os centros apartarán do uso do comedor aos usuarios que no período de recollida dos impresos de pagamento non entreguen o xustificante para a Administración e mentres non acrediten o correspondente ingreso.



9. Centros con servizo de transporte escolar

A admisión de novo alumnado ao comedor non suporá a modificación automática da súa situación respecto do uso do transporte escolar. Esta só se producirá se concorren os requisitos que establece a súa normativa específica, sinaladamente o Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG núm. 132, do 9 de xullo), interpretados na Instrución de xestión do servizo de transporte escolar que dite esta Secretaría Xeral Técnica para o curso escolar 2011-2012.

10. Acceso ao servizo por parte de alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por zona de influencia

De conformidade co disposto polo artigo 38 da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos, o alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda, segundo a distribución das áreas de influencia establecida por esta Administración, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola consellería.

Co fin de garantir unha aplicación uniforme deste mandato, establécense os seguintes criterios que deberán observar todos os centros:

O alumnado escolarizado nun centro distinto do que lle correspondería, como consecuencia dunha decisión de índole familiar ou individual, carece do dereito á utilización gratuíta do servizo de comedor escolar, calquera que sexa o número de membros ou a situación económica da unidade familiar na que se integra. Tampouco se terá en conta ningunha outra circunstancia que



se pretendese alegar para xustificar o acceso gratuíto ao servizo. Por tanto, este alumnado non poderá invocar a aplicación de ningunha das previsións contidas no decreto nin na orde reguladores dos comedores escolares.

Sempre que existan prazas vacantes, e as condicións existentes de instalacións, persoal de cociña e colaboradores así o permita, a dirección do centro posibilitará o acceso ao servizo deste alumnado, que quedará suxeito á obriga de aboar o prezo total do servizo. A falta de pagamento do mesmo implicará a exclusión do seu uso.

11. Relación nominal de usuarios do servizo e número de comensais

Mediante o uso da aplicación informática COMEDORES, a dirección de cada centro elaborará a relación nominal do alumnado e os demais usuarios do servizo de comedor, especificando aqueles que teñen dereito á gratuidade, total ou parcial, antes do 30 de setembro de 2011 e a actualizará cando se produzan cambios no número de usuarios e na condición destes, sen prexuízo de que tales modificacións, de ser cuantitativas, precisen previa autorización.

12. Ampliación de prazas nos comedores escolares

O número máximo de comensais que poderán usar o servizo de comedor escolar non poderá exceder dos autorizados a 30 de xuño de 2011 naqueles comedores que viñesen funcionando en tal data.

As solicitudes de ampliación das prazas de comedor autorizadas á dita data formularanse ante a Xefatura Territorial correspondente, que resolverá en primeira instancia e favorablemente unicamente naqueles casos nos que se dean as seguintes condicións:



- Que non impliquen aumento do persoal de cociña ou do número de persoas colaboradoras do comedor escolar.
- Que a capacidade das instalacións o permita.

Cando circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, aconsellen unha ampliación de prazas para o curso 2011-2012, á marxe das condicións referidas, os Servizos Territoriais elevarán unha proposta a esta Secretaría Xeral Técnica que, á vista dos informes que se acheguen, autorizará ou denegará a ampliación.

En todo caso, as resolucións das Xefaturas Territoriais poderán ser recorridas en alzada ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que corresponda e o notificará aos recorrentes a aos Servizos Territoriais.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2011

O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala



ANEXO I

D./D.^a, con DNI.....

DECLARO:

Que formo parte da comunidade escolar do centro....., como nai,pai ou titor/titora legal de, alumno/a do dito centro no curso escolar 2011-2012.

Que fun proposto/a polo consello escolar do centro para desempeñar as tarefas de encargado/colaborador do comedor (márquese a opción que proceda) durante o curso 2011-2012.

Que fago constar o carácter voluntario e altruísta do meu labor, que realizo a título de colaboración social desinteresada, sen que implique ningún tipo de relación contractual ou doutro tipo coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e pola cal percibo unha compensación económica polos gastos de dedicación e desprazamentos xerados pola miña colaboración.

....., de de 2011

Asdo.:



ANEXO II

ANUNCIO DE APERTURA DO PRAZO DE ADMISIÓN DE MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CENTRO-----, COMO COLABORADORES VOLUNTARIOS NAS TAREFAS DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2011-2012.

As nais, os pais e os/as titores/a legais de alumnos deste centro de ensino, que desexen, ao longo do curso 2011-2012, colaborar de xeito altruísta nas tarefas de atención e apoio aos escolares usuarios do comedor escolar, poderán apuntarse nas listas de admisión, que, habilitadas para este fin, se atopan en Dirección.

O prazo para presentar solicitudes permanecerá inicialmente aberto ata o día 30 de setembro de 2011, podéndose reabrir un novo prazo, de ser o caso, ata o 31 de decembro de 2011.

Durante o curso escolar 2011-2012 so se contará coa colaboración das persoas que figuren anotadas nestas listas.

..... de de 2011

O/a director/a do centro



ANEXO III

CERTIFICADO DE EXPOSICIÓN E RESULTADO DO ANUNCIO DE APERTURA DO PRAZO DE ADMISIÓN DE MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, COMO COLABORADORES VOLUNTARIOS NAS TAREFAS DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2011-2012.

.....,
director/a do
centro.....
.....

CERTIFICO:

- Que o anuncio de apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa deste centro, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2011-2012, permaneceron abertas e expostas nesta comunidade educativa ata o 31 de decembro de 2011.
- Que a relación de membros da comunidade educativa deste centro, apuntados nesas listas, que manifestaron o seu desexo de colaborar de xeito altruísta no comedor escolar foi a seguinte:

E para que así conste, asino este certificado.

En....., a..... de de 2011



ANEXO IV

Modelo que se poderá obter mediante a utilización da aplicación informática

COMEDORES

**RELACIÓN DE USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR NO MES DE
 DO 2011**

CURSO ESCOLAR 2011/2012

D/Dona, director/a do

CERTIFICA

1º. Que o alumnado relacionado a continuación é usuario do servizo de comedor escolar deste centro. A presente certificación realízase para os efectos previstos no Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro e na Orde do 21 de febreiro de 2007, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008.

| Nº | APELIDOS E NOME | NIVEL | CENTRO | TIPO DE USUARIO |
|----|-----------------|-------|--------|--------------------|
| | | | | Gratuidade total |
| | | | | Gratuidade parcial |
| | | | | Abono 100% |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |



| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

2º. Que as seguintes persoas, non pertencentes ao alumnado do centro, son usuarias do servizo de comedor escolar coa condición que se indica:

| Nº | APELLIDOS NOME | E | CONDICIÓN | TIPO DE USUARIO (Indicar Nº días) | |
|----|-------------------|---|-----------|-----------------------------------|-----------------|
| | | | | Gratuidade total | Abono 100% |
| | | | | Gratuidade total () | Abono 100 % () |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |



| | | | | |
|---------|--|--|--|--|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| TOTAIS: | | | | |

..... de de 2011

A/O director/a

SELO DO CENTRO

.....